



DECRETO

Nº EXPEDIENTE: 2023/PLANEAM/000004 (FG NÚM. 719)

ASUNTO: Aprobación inicial da segunda modificación do Plan Parcial do SUNP I-33 Iñás

Con data 11 de novembro de 2025, a coordinadora de servizos urbanísticos asinou informe-proposta do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

"(...)

1. OBXECTO DO INFORME E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000004 (FG NÚM. 719)
DENOMINACIÓN	segunda modificación do Plan Parcial do SUNP I-33 Iñás
ENTIDADE PROMOTORA	Concello de Oleiros
ENTIDADE REDACTORA	Díaz & Díaz Arquitectos S.L.P., B15865751
OBXECTO DO INFORME	Aprobación inicial da modificación do Plan Parcial do SUNP I-33 Iñás. Documento achegado con NRE 2025021806, de 9 de outubro.
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2025021806, de 9 de outubro
TRAMITACIÓN AMBIENTAL	Recibido o IAE con NRE 2024027148, de 20 de decembro. Tramitación ambiental simplificada.
INFORME TÉCNICO	Informe técnico favorable á aprobación inicial de data 7 de novembro de 2025, coas seguintes condicións: <ol style="list-style-type: none">No apartado 6 da memoria deberá axustarse a numeración dos vértices e facela en coincidente coa que figura no plano PORD_01USOS. Corrixirase ademais a coordenada "X" do punto 5 que na Memoria está erróneo (pon 554953,99 cando debe por 554954,01 igual que no plano).A codificación do documento na cartela dos planos non está actualizada.No formato A4 deberá axustarse a posición dos textos do pe de páxina as determinacións das NNTTPUG (equipo redactor esquina inferior esquerda, e fase de tramitación e data na esquina inferior dereita, numeración con páxina y total no centro)

Antecedentes administrativos

- O Plan Xeral Municipal de Ordenación de Oleiros foi aprobado parcialmente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 11 de marzo de 2009 (BOP núm. 75, de 2 de abril de 2009, e DOG núm. 81, de 28 de abril de 2009) e aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 11 de decembro de 2014 (DOG núm. 16, de 26 de xaneiro de 2015, e BOP núm. 29, de 12 de febreiro de 2015). O citado Plan Xeral non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental, polo que a súa Disposición final terceira establece que todo o planeamento de desenvolvemento derivado do PXOM, así como as modificacións puntuais do mesmo, deben someterse a avaliación ambiental conforme á Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e demais lexislación sectorial aplicable.
- Con data 24 de xaneiro de 2023 o Concello de Oleiros contrata os traballos de modificación puntual do Plan Parcial do S.U.N.P. I-33.R, Iñás. O obxecto da modificación é dobre:
 - Axustar o texto da ordenanza coa finalidade de eliminar a existencia de redactar un estudo de detalle para a simple división ou agregación de parcelas.
 - Incorporar á planimetría do documento a "liña límite de edificación" (LLE) aprobada definitivamente pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.
- Con data 20 de decembro de 2024 e número de rexistro de entrada 2024027148 ten entrada no Concello o Informe Ambiental Estratéxico (IAEs), solicitado con data 9 de outubro de 2024 mediante Decreto núm. 2024005284.
- O citado IAEs conclúe que non se prevé que a modificación puntual proposta teña efectos ambientais significativos, polo que resulta procedente a tramitación ambiental simplificada.





4. En consecuencia, procédese a requirir ao equipo redactor a elaboración do documento de aprobación inicial. O equipo presenta varias versións que non resultan admisibles desde o punto de vista técnico:
 - a. Documento con rexistro de entrada núm. 2025008596, de 30 de abril de 2025.
 - b. Documento con rexistro de entrada núm. 2025014093, de 26 de xuño de 2025.
5. Con data 9 de outubro de 2025, e rexistro de entrada núm. 2025021806, preséntase nova versión do documento, que é informada favorablemente polo arquitecto municipal, con determinadas condicións:
 - a. No apartado 6 da memoria deberá axustarse a numeración dos vértices e facela coincidente coa que figura no plano *PORD_01USOS*, corrixindo ademais a coordenada "X" do punto 5, que na memoria figura errónea (indica 554953,99 cando debe constar 554954,01, igual que no plano).
 - b. A codificación do documento na cartela dos planos non está actualizada.
 - c. No formato A4 deberá axustarse a disposición dos textos do pé de páxina ás determinacións das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (NNTTPUG), situando o nome do equipo redactor na esquina inferior esquerda, a fase de tramitación e data na esquina inferior dereita, e a numeración de páxina (páxina / total) no centro.

2. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#), aprobado parcialmente por Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 75 de 2 de abril de 2009, DOG núm. 81 de 28 de abril de 2009); aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas

3. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Natureza e obxecto da modificación

A presente modificación puntual do Plan Parcial do S.U.N.P. I-33.R, Iñás, promovida polo Concello de Oleiros refrese exclusivamente á ordenación pormenorizada do ámbito. O seu obxecto é axustar determinados aspectos da normativa e da planimetría vixentes, sen alterar a estrutura xeral do planeamento nin modificar os parámetros fundamentais de edificabilidade, uso ou sistemas dotacionais previstos polo Plan Xeral Municipal de Ordenación. En concreto, a modificación persegue unha finalidade dobre:

- Axustar o texto da Ordenanza A (zona industrial) co fin de eliminar a exigencia de redactar e aprobar un Estudo de Detalle para os supostos de simple división ou agregación de parcelas contiguas destinadas a uso industrial, cando estas operacións respecten os parámetros de separación a lindeiros, altura, tipoloxía edificatoria e edificabilidade máxima asignada a cada parcela. Esta modificación responde á interpretación do artigo 192 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que determina expresamente que os estudos de detalle non poden ter por obxecto a parcelación do solo.
- Actualizar a planimetría do documento incorporando a "liña límite de edificación" (LLE) aprobada definitivamente pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de conformidade coas resolucións publicadas nos seguintes boletíns oficiais:
 - o BOE núm. 93, de 19 de abril de 2021.
 - o BOE núm. 226, de 20 de setembro de 2022.
 - o BOE núm. 113, de 12 de maio de 2022 (resolución definitiva de 13 de marzo de 2025).

A modificación ten, polo tanto, un alcance limitado e técnico, orientado a mellorar a claridade normativa e a adecuar a documentación gráfica á realidade administrativa e ás determinacións sectoriais vixentes, sen afectar á ordenación xeral do ámbito nin ás determinacións estruturais do planeamento municipal.

b. Análise da avaliación ambiental estratéxica simplificada

Como se indicou previamente, o [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#) foi aprobado definitivamente por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas





da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.

A normativa de referencia en materia de avaliación ambiental estratéxica é a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Establece no seu artigo 6 dous tipos de avaliación estratéxica, a ordinaria e a simplificada. Con data NRE 2024027148, de 20 de decembro, o Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental comunicou ao Concello de Oleiros o informe ambiental estratéxico da segunda modificación do plan parcial do I-33 de Iñás no Concello de Oleiros – expediente 2024AAE2947 –, no que se acorda o non sometemento a avaliación estratéxica ordinaria, tramitándose esta polo tanto como avaliación estratéxica simplificada.

En canto á vixencia do informe ambiental estratéxico, amparará a aprobación do plan no prazo de 4 anos dende a publicación no diario oficial correspondente. Se non se produce a aprobación neste prazo, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan ou programa.

c. Informe do arquitecto municipal

Transcríbense a continuación as conclusións do informe do arquitecto municipal asinado con data 7 de novembro de 2025:

"(...)

Polo anterior, con independencia dos aspectos formais do formato de presentación, a modificación cumpre os obxectivos propostos.

Observacións ó documento presentado.

1. No apartado 6 da memoria deberá axustarse a numeración dos vértices e facela en coincidente coa que figura no plano PORD_01USOS. Corrixírase ademais a coordenada "X" do punto 5 que na Memoria está erróneo (pon 554953,99 cando debe por 554954,01 igual que no plano).
2. A codificación do documento na cartela dos planos non está actualizada.
3. No formato A4 deberá axustarse a posición dos textos do pe de páxina as determinacións das NNTTPUG (equipo redactor esquina inferior esquerda, e fase de tramitación e data na esquina inferior dereita, numeración con páxina y total no centro)

CONCLUSIÓN:

Tendo en conta que o documento introduce as modificacións pretendidas:

- Modificación do texto da ordenanza para eliminar a exixencia de redacción dun estudio de detalle para simplemente dividir ou agregar parcelas e
- Incorporar á planimetría do documento as "líñas límite de edificación" LLE aprobadas definitivamente pola Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia

o documento pode aprobarse inicialmente coa condición de que se corrixan logo da aprobación inicial as tres observacións anteriores."

d. Tramitación administrativa da modificación do plan parcial

O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local recoñece competencias aos Municipios en materia de ordenación urbanística, entre outras, recolléndose igualmente como competencia exclusiva no art. 27.3. da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, nos termos que determinen as leis. En desenvolvemento do anterior, por parte da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia como do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro determínase como competencia dos Municipios a través das súas formas de goberno, a formulación e aprobación de plans parciais.

O procedemento aplicable para a tramitación das modificacións dos plans parciais vén definida no artigo 83 da LSG, que establece que estas se tramitarán polo mesmo procedemento previsto para a súa aprobación, con idéntico nivel de competencia e formalidades. En consecuencia, a modificación puntual do Plan Parcial do S.U.N.P. I-33.R debe seguir as fases de tramitación dun plan parcial, sendo estas as seguintes:

O procedemento para a tramitación e aprobación dunha modificación puntual dun plan parcial sométese ao disposto nos artigos 75 e 76 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 186 e 187 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento.

En canto á distribución de competencias municipais, resulta de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, que no seu artigo 21.1.j) atribúe ao alcalde a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente reservados ao Pleno, mentres que o artigo 22.2.c) establece que corresponde ao Pleno a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación urbanística.





- 1. Inicio e avaliación ambiental estratéxica simplificada.** Cando o plan ou a súa modificación se somete a avaliación ambiental estratéxica simplificada, o procedemento comeza coa remisión, por parte do promotor, da solicitude de inicio ao órgano ambiental autonómico, acompañada do borrador do plan e do documento ambiental estratéxico redactado conforme á lexislación ambiental vixente. O órgano ambiental (Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático) dispón dun prazo de dous meses para emitir o Informe Ambiental Estratéxico, logo de realizar as consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo tamén de dous meses.

O informe determinará se o plan ten ou non efectos significativos sobre o medio ambiente e, en caso de non telas, permitirá continuar a tramitación ordinaria incorporando as condicións ambientais establecidas. O informe deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental. Para o caso que nos ocupa, o Informe Ambiental Estratéxico foi publicado no [DOG núm. 11 de 17 de xaneiro de 2025](#), e non se prevén efectos significativos sobre o medio, polo que se realiza a tramitación simplificada.
- 2. Informes técnicos e xurídicos e aprobación inicial.** Unha vez incorporadas as determinacións do Informe Ambiental Estratéxico, e emitidos os informes técnico e xurídico pertinentes, o órgano municipal competente —a Alcaldía— procede á aprobación inicial do documento, de acordo co artigo 186.1.a) do regulamento e o artigo 21.1.j) da Lei 7/1985. A aprobación inicial habilita o inicio dos trámites de información pública e de solicitude de informes sectoriais, que se tramitan de forma simultánea.
- 3. Información pública e informes sectoriais.** O documento deberá someterse a información pública por un prazo mínimo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, notificándose individualmente ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Durante ese mesmo período, o Concello deberá solicitar os informes sectoriais preceptivos das administracións públicas competentes nas materias afectadas, segundo a relación recollida no anexo II do regulamento. Os informes sectoriais autonómicos deberán emitirse nun prazo máximo de tres meses; transcorrido ese prazo sen resposta, entenderanse emitidos con carácter favorable. Para o caso que nos ocupa, será necesario solicitar os seguintes informes:

 - Dirección Xeral da Aviación Civil. Xa foi solicitado e obtido, con carácter favorable. Emitido con data 7 de febreiro de 2025, con CSV MFOM02938F362FB37F3DD8D00D7 (verificable en <https://sede.transportes.gob.es/MFOM.ConsultaCSV.Web/>)
 - Informe do Ministerio de Transportes. Artigo 16.6 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas (N-VI).
 - Informe da Deputación provincial por lindar coa DP -1707
 - Delegación do Goberno
 - Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
 - Augas de Galicia
- 4. Incorporación de modificacións e novo trámite de información pública.** Unha vez finalizado o período de información pública e recibidos os informes sectoriais, o Concello poderá introducir modificacións no documento. Se estas modificacións supoñen un cambio substancial respecto do documento inicialmente aprobado, deberá abrirse un novo período de información pública, conforme ao artigo 186.1.c do regulamento.
- 5. Informes técnicos e xurídicos municipais.** Concluídos os trámites anteriores, os servizos técnicos e xurídicos municipais deben emitir informe sobre a integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proposta e a súa conformidade coa lexislación urbanística e sectorial aplicable, segundo o artigo 186.1.d do regulamento.
- 6. Aprobación definitiva.** Rematados todos os trámites anteriores, o Pleno da Corporación municipal é o órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva da modificación puntual do plan parcial, conforme ao artigo 186.4 do Regulamento e ao artigo 22.2.c) da Lei 7/1985.

A eficacia do acordo e a entrada en vigor do plan quedan condicionadas á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, á inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia e á notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados, segundo o artigo 186.4 do Regulamento.

Os prazos máximos para resolver están recollidos no artigo 187 do regulamento, en concordancia co artigo 76 da Lei do solo de Galicia:

- Aprobación inicial: tres meses desde a presentación do documento no rexistro xeral do Concello. Transcorrido ese prazo sen resolución expresa, entenderase outorgada a aprobación inicial.
- Aprobación definitiva: seis meses desde a aprobación inicial. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se realizasen os trámites de información pública e se obtivesen os informes preceptivos en sentido favorable ou se tivesen solicitado en prazo.

En ningún caso será aplicable o silencio administrativo positivo cando o plan conteña determinacións contrarias á Lei do solo de Galicia, ao seu regulamento, aos plans de superior xerarquía ou aos instrumentos de ordenación do territorio.

e. Competencia para a aprobación do documento





A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, regula as competencias dos órganos municipais en orde á aprobación dos documentos de planeamento e xestión urbanística. Así, o artigo 22.1.c) establece que a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera destes instrumentos, será competencia do Pleno do Concello. E o artigo 21.1.j) da citada lei establece como competencia do alcalde as aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así como as dos instrumentos de Xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

A aprobación inicial do documento do plan parcial tería encaixe, xa que logo, no artigo 21.1.j) LRBRL, sendo competencia do Alcalde. Mentres que a aprobación definitiva sería unha aprobación que pon fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, polo que haberá de adoptarse polo Pleno.

(...)"

En consecuencia, e de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o documento que a continuación se indica coas condicións que se sinalan:

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000004 (FG NÚM. 719)
DENOMINACIÓN	segunda modificación do Plan Parcial do SUNP I-33 Iñás
ENTIDADE PROMOTORA	Concello de Oleiros
ENTIDADE REDACTORA	Díaz & Díaz Arquitectos S.L.P., B15865751
OBXECTO DO INFORME	Aprobación inicial da modificación do Plan Parcial do SUNP I-33 Iñás. Documento achegado con NRE 2025021806, de 9 de outubro.
DATA E NRE ENTRADA	NRE 2025021806, de 9 de outubro
TRAMITACIÓN AMBIENTAL	Recibido o IAE con NRE 2024027148, de 20 de decembro. Tramitación ambiental simplificada.
INFORME TÉCNICO	Informe técnico favorable á aprobación inicial de data 7 de novembro de 2025, coas seguintes condicións: <ol style="list-style-type: none">1. No apartado 6 da memoria deberá axustarse a numeración dos vértices e facela en coincidente coa que figura no plano PORD_01USOS. Corrixirase ademais a coordenada "X" do punto 5 que na Memoria está erróneo (pon 554953,99 cando debe por 554954,01 igual que no plano).2. A codificación do documento na cartela dos planos non está actualizada.3. No formato A4 deberá axustarse a posición dos textos do pe de páxina as determinacións das NNTTPUG (equipo redactor esquina inferior esquerda, e fase de tramitación e data na esquina inferior dereita, numeración con páxina y total no centro) Estas correccións suporán a presentación dun texto refundido con carácter previo á aprobación definitiva.

SEGUNDO.- Someter o expediente ao trámite de información pública durante o prazo de DOUS MESES mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia.





CONCELLO DE
OLEIROS

> URBANISMO

TERCEIRO.- Notificar ás persoas titulares catastrais das parcelas do plan parcial e sistemas adscritos, se os houbera.

CUARTO.- Notificar á entidade promotora e á redactora.

QUINTO.- Solicitar os seguintes informes sectoriais con remisión do documento do plan parcial en formato electrónico:

- Informe do Ministerio de Transportes. Artigo 16.6 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas (N-VI).
- Informe da Deputación provincial por lindar coa DP -1707
- Delegación do Goberno
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
- Augas de Galicia

Os informes autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de 3 meses, coa advertencia de que de conformidade co artigo 186.1.b) do Decreto 143/2016 e co artigo 75.1.b) da Lei 2/2016, transcorrido dito prazo entenderanse emitidos favorablemente e poderase proseguir coa tramitación do expediente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde e polo/a Secretario/a Accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

